



COMUNICADO PÚBLICO
DIÁLOGOS PARA LA FRATERNIDAD
Mariápolis Huesca 2010

Somos máis de 900 persoas de 16 comunidades autónomas de España; nenos, rapaces, xóvenes, adultos; cristiáns e de outras conviccións.

Vivimos nunha época onde os medios de comunicación social nos axudan a relacionarnos pero, a súa vez, poden dificultar o liberarse de tópicos y prexuízos con respecto a outras culturas. Por outra parte, preocúpanos o deterioro das relacións interpersonais e o aumento da fragmentación social.

Cremos que as persoas e institucións pódense renovar a través do diálogo que facilita o encontro e a fraternidade. A nosa diversidade representa unha riqueza e non un motivo de temor ou enfrontamento.

A nosa proposta consiste en vivir unha nova comunicación mediante a chamada “Regra de ouro”: «Non fagas os demais o que non che gustaría que che fixeran a ti» (cf *Tb* 4,15) ou na súa versión positiva, «Fai os demais o que querrías que che fixesen a ti» (cf *Lc* 6,31); expresada no evanxeo e en casi 40 libros de grandes relixións. Trátase dun cambio radical xa que si fero ó outro fírome a mín mesmo porque o que pasa ó meu lado é meu irmán.

Non é un plantexamento para ilusos. Experimentamos, nestes días, que se trata dunha vía práctica e eficaz para que a sociedade non se destrúa e podase construír un mundo máis humano e unido.

¿Cómo? Sendo, cada ún, o motor do cambio que queremos para o mundo, empezando no noso entorno máis cercano, mediante accións e actitudes concretas:

- Aprendendo a escoitar dende o respecto e a comprensión
- Eliminando e superando os prexuízos
- Descubrindo e suliñando o positivo
- Promovendo espazos de diálogo sinceiros e abertos
- Fomentando, xa na familia, o respecto á diversidade
- Sendo constructores de unidade
- Amando, poñéndose no lugar do outro

Invitamos a todas as persoas que reciban este comunicado a que se adhiran a él e comprometémonos a seguir vivindo así nas nosas cidades e pobos.

Os participantes da Mariápolis Huesca 2010

Organizada por el Movimiento de los Focolares del 2 al 6 de agosto 2010
Podéis enviarnos vuestras aportaciones y comentarios a: mariapolishuesca@focolares.es